



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN DE URXENCIA PARA RECLAMAR A UBICACIÓN EN OURENSE A SEDE DA AXENCIA ESPACIAL ESPAÑOLA**.

Hai escasos días coñecemos a inxusta decisión da Xunta de Galicia de non apostar pola candidatura de Ourense para albergar a sede física da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial, malia sermos **a única cidade aspirante que cumpría todos os requisitos estipulados nos reais decretos** que establecen o procedemento para a determinación das sedes físicas de entidades do sector público e na restante normativa que regula a desconcentración da administración estatal.

Ante unha resolución que consideramos incongruente e inxustificable, o grupo socialista tomou a decisión de rexistrar senllas **iniciativas plenarias no Concello de Ourense e na Deputación provincial para rexeitar a aldraxe da Xunta** e continuar reivindicando a terceira cidade de Galicia como a mellor opción para localizar a sede da AESIA.

Non obstante, é preciso lembrar que o Goberno central, presidido por Pedro Sánchez, segue inmerso na necesaria **estratexia de desconcentración e descentralización de órganos do sector público institucional estatal**, polo que debemos continuar reclamando a localización en Ourense daqueles organismos cos que compartamos sinerxías e cuxa localización na nosa provincia permitiría cumprir cos obxectivos xerais e específicos deste proceso de desconcentración detallados polo Goberno central, especialmente coa cohesión territorial, a loita contra o despoboamento ou a mellora do tecido empresarial.

Tal é o caso da futura **Axencia Espacial Española (AEE)**, cuxa creación aparece recoñecida na reforma da Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación e na Estratexia de Seguridade Nacional 2021, e que está incluída no Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE) Aeroespacial, coordinado polo Ministerio de Ciencia e Innovación.

Este organismo público, cun compoñente dedicado á Seguridade Nacional, permitirá **coordinar de forma eficiente as actividades e políticas nacionais sobre o espazo, así como a participación de España en programas internacionais neste ámbito**. Ademais de ser unha ferramenta imprescindible para o avance da ciencia e a exploración, o estudo do espazo pode responder a preguntas básicas da humanidade e proporcionar un gran impulso ás iniciativas vencelladas á innovación.

O sector espacial proporciona servizos cruciais para a nosa sociedade no ámbito das comunicacións, a observación da Terra, a navegación, a seguridade, a loita contra o cambio climático ou a monitorización de fenómenos coma a seca ou os incendios. **Estes servizos e aplicacións son de vital importancia para a dobre transición dixital e verde**, obxectivos estratéxicos da Unión Europea, así como para axudar a mitigar os problemas



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

derivados dos grandes retos como o cambio climático e a conseguir os obxectivos de sustentabilidade de Nacións Unidas.

A ubicación deste órgano dentro do conxunto do territorio será decidida nos termos establecidos polo Real Decreto 209/2022, de 22 de marzo, mediante procedementos xustos, en base a criterios equitativos, transparentes e independentes. Tales criterios inclúen, entre outros, **a cohesión social e territorial; a mellora no funcionamento dos servizos públicos; os niveis de desemprego ou a loita contra o despoboamento.**

Valorarase, ademais, que a localidade que albergue a sede física da AEE conte con acceso a **medios de transporte aéreos e terrestres**, a pouca distancia dun **aeroporto con conexións a destinos internacionais** relacionados coa actividade do persoal, unha **contorna hostaleira** que permita visitas institucionais, **sector empresarial, administrativo, educativo e universitario dinámico** nas proximidades para a integración social e desenvolvemento familiar dos traballadores, **empresas relacionadas co sector espacial e iniciativas públicas que desenvolvan un ecosistema empresarial no sector e grupos de investigación** neste campo.

Así mesmo, terase en conta a análise do impacto económico, social, industrial, e as sinerxías xeradas cos **ecosistemas de emprendemento, innovación e investigación no ámbito espacial** e unha **análise do mercado inmobiliario de alugueiro e adquisición** que permita a mobilidade dos empregados.

A cidade e a provincia de Ourense cumpren sobradamente os requisitos relacionados coa cohesión social, territorial e demográfica para acoller esta nova axencia, así coma cos indicadores vencellados ás conexións aeroportuarias e terrestres. Ademais, a existencia dun ecosistema universitario e un tecido empresarial acorde á natureza desta axencia, co **exclusivo grado en Enxeñaría Aeroespacial do campus ourensán** e a existencia de grandes **empresas e multinacionais aeronáuticas coma Coasa-Aernova** (a maior do sector en Galicia) **ou Laddes Works**, contribúen a fortalecer e dotar de coherencia a xa de por si acaída implantación en Ourense deste novo órgano estatal.

Os e as ourensás non podemos quedar á marxe do proceso de descentralización e desconcentración iniciado polo Goberno de España por mor da falta de lealdade da Xunta de Galicia coa nosa cidade. Dado que a normativa estatal permite que sexan as entidades locais, e non só os executivos autonómicos, os que propoñan as candidaturas, **dende o PSdeG-PSOE de Ourense instamos a Deputación de Ourense a reclamar para esta provincia a nova sede da AEE.**

Estamos nunha provincia historicamente maltratada polas administracións públicas, cunha importante carencia de investimentos e cunha ausencia inaudita de órganos, institucións ou industrias froito de descentralización. Ademais, a provincia de Ourense sofre un grave proceso destrutivo que se agudizou nos últimos lustros cunha sangría poboacional non vista en ningún outro territorio da UE que debe ser revertido con iniciativas coma esta.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

Así as cousas, dende o PSdeG-PSOE de Ourense consideramos urxente adoptar solucións unánimes. Estamos ante un problema nuclear. E, por iso propoñemos postular a nosa provincia como futura sede da Axencia Aeroespacial Española. Os problemas demográficos da provincia; a existencia no campus universitario das Lagoas da titulación de Enxeñaría Aeronáutica e dun crecente ecosistema formativo transversal e investigador relacionado co sector; as boas comunicacións de longa e media distancia mediante ferrocarril de alta velocidade; a existencia de conexións aeroportuarias directas con Bruxelas, París e outras capitais europeas e a existencia de importantes empresas do sector en Ourense e tamén noutras zonas veciños do sur de Galicia, son factores determinantes que deixan claro que somos o lugar idóneo para este novo ente.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. **Instar a Deputación Provincial de Ourense a que reclame para Ourense a sede da Axencia Aeroespacial Española**, en base ao estipulado no Real Decreto 209/2022, que establece o procedemento para a determinación das sedes físicas de entidades do sector público estatal, así como na restante normativa reguladora, presentando a súa candidatura formal dentro do prazo establecido para este proceso que remata o 7 de novembro de 2022.
2. **Instar ao Goberno de España a afondar nas políticas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas**, instalando na provincia de Ourense a sede de organismos da Administración Xeral do Estado ou das súas entidades adscritas ou dependentes, no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía e, nomeadamente, que unha desas sedes sexa a Axencia Aeroespacial Española, en base ao estipulado no Real Decreto 209/2022.

En Ourense, 27 de outubro de 2022.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE